CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiás e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.	TI	20
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> </ul>

## Contidos

- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores

## Contidos

- ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de elaboración propia para practicar as diferentes destrezas e competencias
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado)
Recursos audiovisuais auténticos
Recursos DUA
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de apredizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo ( por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas)

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.  
 O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.  
 O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

Cada trimestre ou Avaliación farase polo menos unha proba que terá o conta os seguintes apartados:

#### 1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 30%

- a. Avaliación da Comprensión ORAL (10%): Esta proba de Audición consistirá nunha audición que se porá un mínimo de 2 veces e con exercicios e actividades de True or False, fill in the blanks, match the pairs, .....
- b. Avaliación da Comprensión ESCRITA (20%): Constará dun texto de lectura sobre o cal o alumnado terá que facer diferentes actividades: resumen, preguntas de True or False, preguntas de resposta curta, preguntas de comprensión, preguntas de opinión (do you agree that...?), buscar sinónimos no texto, buscar antónimos....

#### 2. PRODUCCIÓN ORAL e PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.3 + CA 1.4 + CA 1.5): 40%

- a. Avaliación da Producción ORAL (10%): Os instrumentos de Avaliación que se usarán serán rúbricas, guías de corrección e outras ferramentas de avaliación (diario de clase, diario do alumnado, Rexistro anecdótico, Observación

e apuntamentos sistemáticos....) Estas ferramentas servirán para avaliar a lectura na clase, brainstorming, debates, presentacións, pequenos diálogos en parellas, respostas a preguntas na clase, dar opinións, falar dos seus likes and dislikes....

b. Avaliación da Producción ESCRITA (30%): Será unha proba escrita: escribir e-mails, redactar historias, describir e comparar fotografías e debuxos, expresar opinións, gustos, describir xente de físico e carácter, describir súa cidade, comparar xente, cousas e lugares, escribir sobre as súas últimas vacacións, sobre a última vez que foron ó cine, escribir sobre predicións ou plans para o futuro....

### 3. INTERACCIÓN (CA1.6 + CA1.7): 8%

a. Avaliación da Interacción ORAL (5%): As ferramentas de avaliación serán rúbricas, guías de correccións, diarios de clase, rexistro anecdótico do proceso, rexistros sistemáticos.... Estas ferramentas servirán para avaliar brainstorming de ideas, facer diálogos, pedir permiso, facer suxerencias, pedir aclaracións, solicitar axuda, pequenos diálogos na clase,....

b. Avaliación da Interacción ESCRITA (3%): Proba escrita que avaliará o uso de técnicas e estratexias que lles permitan interactuar: facer suxerencias, peticións, "requests", pedir permiso, exercicios dialogados, explicación de conceptos, phrasal verbs, saúdos, como despedirse, abrir e pechar conversacións....

### 4. MEDIACIÓN (CA1.8 + CA1.9): 8%

a. Avaliación da Mediación ORAL (3%): As ferramentas utilizadas serán rúbricas e guías de corrección, así como o diario de clase, rexistros anecdóticos e sistemáticos do proceso educativo....

Estas ferramentas axudarannos a avaliar o facer resúmenes claros, precisos e concisos, explicar información a compañeiros, transferir texto en presentacións e viceversa (partindo de dibuxos, pictogramas ou esquemas, ser capaces de interpretar e explicar os datos, escribir esquemas, guións para presentacións, tomar apuntes claros....

b. Avaliación da Mediación ESCRITA (5%): Proba Escrita con exercicios e actividades de Fill in the blanks, match, explain.....que avaliará a capacidade do alumnado de facer resúmenes, explicar conceptos, facer esquemas, interpretar fotos, dibuxos, mapas ou infogramas, saber dar exemplos para aclarar a información, uso de sinónimos e antónimos para lograr mellores explicacións, coñecemento de frases idiomáticas e refráns.....

### 5. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 10%

Avaliación do Plurilingüismo ORAL (2%): Usaranse ferramentas tales rúbricas, guías de corrección, diario de clase, rexistro anecdótico e sistemático da situación de ensino aprendizaxe, ....

Con estas ferramentas avaliaremos diálogos, traducións, UK and US English, idioms, expresións idiomáticas, ....para así ver a capacidade do alumno de comparar, argumentar e usar de forma creativa estratexias que melloran a súa capacidade de comunicar e diferenciar a súa lingua da lingua estranxeira, entendo as similitudes e diferencias. Tamén se avaliará a capacidade do alumnado para realizar autoavaliacións, coavaliacións, rexistrar e entender progresos e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias mais adecuadas para superalas e consolidar a súa aprendizaxe.

Avaliación do Plurilingüismo ESCRITO (8%): Proba Escrita con exercicios de traducción, diferencias UK and US, idioms, expresións idiomáticas como símiles ou refráns, sinónimos, antónimos.... que avalie que o alumnado é capaz de usar axeitadamente estratexias, técnicas e vocabulario que lle leven a entender a súa linguaxe e as similitudes e diferencias ca lingua estranxeira....

### 6. INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 4%

Avaliación da Interculturalidade: Proba Escrita con exercicios de fill in the blanks, match the pairs, explain, synonyms, antonym, contestar preguntas... para avaliar se o alumnado é capaz de aplicar estratexias que lle permitan entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística dos diferentes países, mostrando interés e iniciativa por manter o contacto en inglés con falantes da lingua estranxeira, e así entender tamén aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía, rexistros, costumbres, celebracións, normas, xeografía, estereotipos e clichés.....

A Proba ou Probas ESCRITAS trimestrais terán un valor dun 80% na nota final da Avaliación. O 20% restante será a avaliación mediante rúbricas, guías de corrección e demais ferramentas de avaliación que nos permitan avaliar as diferentes competencias do alumnado.

A avaliación de cada Trimestre será positiva cunha nota igual ou superior a un 5 de 10.

A CUALIFICACIÓN FINAL do ano obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres según as porcentaxes arriba mencionadas.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5 de 10, considerándose así que o alumno/a ten superada a materia.

### **Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

O profesor/a poderá considerar facer unha última Proba de Recuperación ou a aplicación doutras ferramentas de avaliación para aquel alumnado que despois de todas as avaliacións non teña acadado resultados positivos, sempre tendo en conta a diversidade do alumnado e dependendo das instrucións da Consellería para o remate do curso.

O profesor/a poderá valorar SEMPRE POSITIVAMENTE o traballo, voluntariedade, participación na aula durante todo o curso e a evolución global da aprendizaxe por parte do alumnado ó longo de todo o ano escolar.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de Actividades de Reforzo e Seguimento e boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso actual no que se atope o alumno/a titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

As PROBAS de PENDENTES faranse en: Novembro, Xaneiro ou Febreiro e Abril ou Maio (sempre dependendo das posibilidades do Centro e do Calendario Escolar dese ano en concreto)

Estas probas de Pendentes constarán de exercicios similares a aqueles realizados nas Actividades de Reforzo e Seguimento e avaliarán a Comprensión Escrita (texto, resúmenes, preguntas de verdadeiro/falso, fill in the blanks, responder preguntas de comprensión, vocabulario, expresións e estruturas lingüísticas...) e a Producción Escrita (redactar e-mails, contar historias, describir fotos, expresar opinións, redactar blog entries....).

Se o alumno/a acada unha nota positiva (mínimo dun 5) en CALQUERA DAS PROBAS, terá automaticamente aprobada a materia pendente e non terá que presentarse mais veces.

O profesor/a poderá valorar SEMPRE EN POSITIVO tanto as Actividades realizadas do Plan de Reforzo e Seguimento entregadas así como o traballo que se esté a facer na clase no curso que esté cursando. De ser así, o profesor/a comunicarlle ó alumnado cal será a puntuación que se lles dará tanto ás Actividades de Reforzo como ó traballo realizado na aula e na casa no curso actual.

NOTA importante: Tamén aprobará a materia pendente aquel alumnado que acade unha nota positiva (mínimo dun 5) nas 2 PRIMEIRAS AVALIACIÓNS do curso que esté cursando. De ser así, terá automaticamente superada a materia pendente do curso anterior sen ter que facer mais probas.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.

4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

#### PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X					
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.				X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - A igualdade de xénero.						X
ET.7 - A creatividade.	X		X	X		X
ET.8 - A educación para a saúde				X		
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.		X				
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.					X	
ET.11 - O emprendemento social e empresarial			X			
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico				X		

#### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas			
Contacontos en fala inglesa.	O departamento organizará unha sesión de contacontos para fomentar a interculturalidade .			
Proxecto de intercambio lingüístico en plataformas europeas (eTwinning, Erasmus...)	O alumnado terá a ocasión de participar nun intercambio lingüístico con alumnado de outros países			

#### Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Clima de traballo na aula
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

### Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, de ser posible, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre  
 Ás veces  
 Nunca

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**